

O **17** de maio é unha data histórica



Forma parte do noso ser máis íntimo:
a memoria de **Rosalía de Castro**

Celebrarémolo, con pandemia ou sen ela!

17 maio DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Álvaro Cunqueiro, don Paco del Riego e Carvalho Calero, no ano 1930. Foto: Biblioteca Virtual Galega da UDC



Tarxeta de socio do Seminario de Estudos Galegos [28 do outono do ano 1931]. Foto: Biblioteca Virtual Galega da UDC



Xuntanza fundacional da editorial Galaxia no Hotel Compostela, no ano 1950. Foto: Biblioteca Virtual Galega da UDC

RICARDO CARVALHO CALERO 1910-1990

Día das Letras Galegas 2020



A conservación é un estado de harmonía entre o home ea terra

Co día Das Letras Galegas

Concello de Poio

www.concellopoio.gal

POIO
Municipio de Interese Turístico

La villa termal de Galicia

Concello de Caldas de Reis

www.caldasdereis.com

O PEREIRO COA CULTURA GALEGA

Xosé Ramón Fernández Oxea

concello do Pereiro

Xosé Ramón Fernández Oxea naceu na cidade das Burgas o 5 de abril de 1896. Aos 19 anos, Xosé Ramón remata os seus estudos na Escola Normal da súa cidade có premio extraordinario. Tras conseguir superar a oposición realiza os estudos de Arte e Arqueoloxía, grazas a unha beca que obtén do Estado, para efectualos en Francia e Bélxica. Desde moi mozo iniciouse na tarefa de escribir artigos nos xornais baixo algún pseudónimo, como foi o caso de Xan Fandiño. Comeza a escribir as súas primeiras crónicas para o xornal La Zarpa de Ourense, que dirixía o cura agrarista Basilio Álvarez, nesta ocasión baixo o pseudónimo polo que será coñecido o resto da súa vida: Ben-Cho-Shey. Co seu pseudónimo trataba de agochar a pertenza ao exército español e confundir aos seus lectores a pensar que era un nome árabe. O impacto foi tal que os seus artigos acabaron sendo reproducidos por case todos os xornais galegos, chegando, incluso, a facelo. Tras deixar Cariño, foi a escola de Sta. Marta de Moreiras (O Pereiro de Aguiar, Ourense), onde emprendeu unha investigación etnográfica, que acabou recollendo na súa obra Santa Marta de Moreiras.

No 1935, o Ministerio de Educación nomeáno inspector de primeira ensinanza en Lugo. O ano seguinte será proclamado presidente do Partido Galeguista nesa mesma provincia, algo que obrará na súa contra, xa que coa chegada da Guerra Civil e debido as súas ideas galeguistas. Ao longo da súa vida foi un intenso articulista que colaborou en importantes revistas con traballos de todo tipo: arqueolóxicos, etnográficos, históricos, pedagóxicos ou heráldicos. En todos eles defende a Galicia e a súa lingua. Algunhas das súas publicacións máis importantes foron: Andrómenas (1953), Berzas (1953), A ducia do frade (1966), Catón Galego (1969), Santa María de Moreiras (1969), Contos de fiadeiro (1973) y O meu Ourense (inéxito). Durante a súa etapa en Cáceres e Toledo, escribiu Costumbres cacereñas, Carnavales en Extremadura e Geografía popular toledana. De **Xosé Ramón Fernández Oxea** escribiu o galego universal Camilo José Cela que este era "un galego en cuxo espello deberíamos mirarnos todos os galegos xa que, na súa superficie bruñida pola sabedoría e os anos, reflexáronse sempre razóns de amor cara a nosa terra e a nosa vapuleada e sempre confusa historia".

HAI 57 ANOS,
TAL DÍA COMO HOXE

NACEU O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.
PARA HOMENAXEAR A ROSALÍA DE CASTRO,
NAI DA NOSA CULTURA.



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

17 maio DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Ricardo Carballo (Carvalho) Calero

Ricardo

Carballo Calero (Ferrol, 1910 – Santiago de Compostela, 1990) é unha das figuras máis importantes da cultura galega do século XX, en especial pola súa contribución ao estudo da literatura galega, polo maxisterio que exerceu como primeiro profesor e catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega e pola influencia que atinxiron as súas ideas sobre o idioma galego. Unha traxectoria tan rica e intensa non é doada de resumir nos límites dunha aproximación necesariamente sintética coma a presente, polo que quedarán fóra aspectos merecentes de atención e matices de relevo. Ao final desta achega ofrecerase unha bibliografía selectiva, ordenada por xéneros e, dentro de cada apartado, por secuencia cronolóxica.

Para simplificar unha presentación esquemática, a súa traxectoria vital pode dividirse en cinco tramos, de duración desigual: a) infancia e adolescencia en Ferrol (1910-



Pola esquerda, Fernández del Riego, Carvalho Calero e García Sabell no ano 1963. Foto: RAG

1926), b) xuventude estudantil en Compostela (1926-1932) e iniciación á vida adulta en Ferrol (1932-1936), c) o tempo das tribulacións, marcado polo trauma da guerra e as represalias da posguerra (1936-

1950), d) madurez, cunha primeira etapa centrada no colexio Fingoi de Lugo (1950-1960), seguida dun período de plenitude (1960-1980), que atinxe o seu clímax tras o seu establecemento como profesor en

Compostela (1965) e, sobre todo, cando gaña a cadeira universitaria de Lingüística e Literatura Galega (1972), cidade esta que se tornaría en residencia definitiva despois da súa xubilación oficial, e) que lle per-

mitiu desenvolver unha intensa actividade como orador e publicista ata o seu pasamento (1980-1990).

Os sucesivos treitos da súa biografía corresponden de xeito aproximado coas catro etapas da súa fecunda traxectoria intelectual: anos de formación, compromiso galeguista e revelación como poeta (ata 1936), tempos de guerra, de prisión e de represión (ata 1950), dedicación intensa á historia e a crítica da literatura galega (ata 1980), atención prioritaria aos problemas da lingua e desenvolvemento da súa proposta reintegracionista (ata 1990). Obviamente, as distintas facetas da súa personalidade e as diferentes dimensións da súa carreira intelectual entrecrúzanse e solápanse en cada etapa da súa traxectoria: o seu afán de estudioso e crítico literario espreguista xa na primeira etapa da súa vida e non cederá ata o ocaso, mentres que o seu labor creativo —primeiro e sempre como poeta, despois tamén como narrador e autor teatral—foi incesante; as súas incursións lingüísticas

Pasa a páx. seguinte

Queixeiros artesáns de sempre
As nosas marcas: TERRA DE MELIDE e PROLACAR

Premios 2019
Premios en Catas de Galicia 2019
Bronce na D.O.P. Queixo de Tetilla
Plata na D.O.P. Arzúa-Ulloa

QUEIXOS
TERRA DE MELIDE

Orois-Melide-A Coruña • T. 981 808 009 • lacteos@terrademelide.com
www.lacteosterrademelide.com

Concello de **Cabana de Bergantiños** www.concello-cabana.es

Co Día das Letras Galegas

Mari Carmen con la cultura gallega

#quedateencasa#
tu salud es lo primero

Gracias a los sanitarios, autoridades y servicios por la gran labor que hacen día a día. Cuidemos a nuestros mayores e indefensos.

PESCADOS Y MARISCOS

Productos siempre frescos! Excelente relación calidad-precio

Mari Carmen en SANTIAGO de COMPOSTELA

Plaza de Abastos de Santiago, Puestos: 253-254-255-256	Tfno: 981 575 421
Plaza de Abastos de Santiago, Puestos: 272-273-274	Tfno: 981 574 617
Pescadería en C/Fray Rosendo Salvado, 21	Tfno: 981 593 611
Pescadería en Rúa de San Pedro, 98	Tfno: 981 586 293
Pescadería en C/Santiago de Chile, 21	Tfno: 981 571 791
Pescadería en C/Campo de Conxo, 8 (frente al Hospital Psiquiátrico)	Tfno: 981 531 253

Mari Carmen en A Ramallosa (TEO)

Pescadería en A Ramallosa (TED) (frente al Ayuntamiento)	Tfno: 981 805 754
--	-------------------

Mari Carmen en Riveira

CENTRAL - Lonxa de Riveira • Nº 12	Tfno: 981 875 177
------------------------------------	-------------------

Tfno: 981 575 421
Tfno: 981 574 617
Tfno: 981 593 611
Tfno: 981 586 293
Tfno: 981 571 791
Tfno: 981 531 253
Tfno: 981 805 754
Tfno: 981 571 791

LAS PESCADERÍAS MARI CARMEN PERMANECERÁN ABIERTAS DE 8:30 A 14:30 H

17 maio

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Ven de páx. anterior

aparecen ao comezo vencelladas aos seus estudos literarios, despois virarán cara ao plano didáctico e desembocarán nos problemas da codificación e da política lingüística.

No plano persoal, a súa vida está marcada por unha infancia e adolescencia difíciles —evocadas no relato “O lar de Clara”—, debido á morte prematura da súa nai e pouco despois da súa madrasta e á consecuente amargura do seu pai. A súa formación no ambiente do galeguismo e da República, o maxisterio dos mestres da xeración Nós e o seu vencellamento con algúns dos escritores e intelectuais máis brillantes do seu tempo resultaron decisivos na súa singradura intelectual. O tramo máis longo e decisivo da biografía de Carballo Calero, dos 26 aos 65 anos, está marcado pola guerra —unha terrible experiencia que rememora vividamente na novela *Scórpio*—, a represión e a ditadura franquista. O seu carácter rexo e severo, a súa lealdade ao galeguismo, o seu amor pola liberdade, a inspiración dos mestres e o apoio dos seus compañeiros de xeración permitíronlle resistir e avanzar superando atrancos de todo tipo, e a contrarrente dun ambiente político, cultural e social opresivo e miserento. A enerxía da súa paixón polo estudo, a potencia do seu estro creativo e un-

ha entrega incondicional e sacrificada ás tarefas que asumiu permitíronlle desenvolver unha ampla e densa, ao tempo que diversa e rica, obra académica, literaria, didáctica e divulgativa.

GALEGUISMO, GUERRA E REPRESIÓN (1910-1950)

Nado no Ferrol Vello nunha familia acomodada, Ricardo Carballo Calero puido realizar os estudos primarios e medios na súa cidade natal e, unha vez aprobado o bacharelato na Coruña, trasladarse con dezaseis anos a Santiago de Compostela para estudar Dereito, ben que a súa vocación o inclinaba máis ben para Filosofía e Letras. Nesta cidade residiu mentres cursaba a carreira e durante o ano en que fixo o servizo militar (1926-1932). Alí desenvolveu unha intensa actividade intelectual e política: entrou axiña en contacto co galeguismo artellado arredor do Seminario de Estudos Galegos, do que chegou a ser secretario, e mantivo unha estreita relación cos seus principais persoeiros.

Destacado líder dun movemento estudantil moi activo contra a Ditadura de Primo de Rivera, após a proclamación da IIª República participou na fundación do Partido Galeguista (1931), nas mobilizacións a prol da galeguización da

Universidade e no proceso de redacción do Estatuto de Autonomía para Galicia (1931-1932). Así, xunto a Lois Tobío redactou o anteproxecto de Estatuto presentado polo SEG. Destes anos de mocidade datan as súas primeiras obras literarias: os poemarios *Trinitarias* (1928) e *La soledad confusa*, en castelán, e *Vieiros* (1931) e *O silencio axionllado* (1934), en galego. Ao mesmo tempo, revélase como orador nas ringleiras da Federación Universitaria Escolar (FUE), e como publicista, con ensaios sobre a literatura galega coetánea e artigos de opinión en diversas publicacións, como a revista *Nós* e o boletín galeguista *A Nosa Terra*.

Rematada a carreira de Dereito, instálase en Ferrol como administrativo municipal e casa cunha compañeira de estudos, Ignacia Ramos (1933). Pero, dando preferencia á súa auténtica vocación, decide rematar os estudos de Filosofía e Letras (que cursa “por libre”) e unha vez acadado o título (1936), prepara oposicións para ingresar na carreira docente. Con esta finalidade, trasládase a mediados de 1936 a Madrid, onde o sorprende o golpe militar. Alistado nas milicias republicanas, loitou na defensa da capital, posteriormente obtivo en Valencia o grao de tenente e foi trasladado a Andalucía, onde o sor-

prende a fin da contenda (1939). Apresado polas forzas franquistas e acusado de «separatista», é condenado a 12 anos de prisión. Despois de cumprir dous anos de cárcere en Xaén, foi posto en liberdade provisoria pero inhabilitado para acceder a empregos públicos, polo que se viu obrigado a sobrevivir penosamente na súa cidade natal, traballando no ensino privado. Ao seu regreso coñeceu a súa filla maior, Margarita (“Magali”), que nacera en 1936; pouco despois o matrimonio tería a súa segunda filla, María Victoria (1942).

A PRIMEIRA MADUREZA (1950-1965). ANOS LUGUESES

O ano de 1950 marca un antes e un despois na súa biografía. Nesa data trasladou a súa residencia a Lugo para dirixir o Colexio Fingoi, fundado polo empresario galeguista Antonio Fernández, que constituíu un viveiro de innovación educativa no medio do escurantista panorama do franquismo. Retoma a publicación da súa obra poética, que viña enriquecendo desde 1936, co volume *Anxo da Terra*, ao que seguiría dous anos despois *Poemas pendurados de un cabelo* (Lugo, 1952) e xa aos comezos da década seguinte, *Salterio de Fingoy* (1961). Aquel mesmo ano de 1950 fundábase a Editorial Galaxia, un proxecto que agrupou o galeguismo resistente no

exilio interior, presidido por Otero Pedrayo e capitaneado por Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, que foi fundamental na continuidade e revitalización da cultura galega, e no cal Carballo se comprometeu intensamente desde o primeiro momento. Así, a súa sinatura aparece xa no número 3 da Colección Grial e no volume *Sete ensaios sobre Rosalía* (1952). Tamén en 1950 gaña o premio de novela galega convocado por Bibliófilos Gallegos coa obra *A xente da Barreira*, primeira novela en galego publicada na posguerra (1951).

Ao longo da década dos cincuenta retoma a súa actividade de publicista, colaborando —ás veces baixo pseudónimo— na prensa diaria (*La Noche*), en revistas literarias (*Alba*, *Aturuxo*) e en publicacións especializadas (*Cuadernos de Estudios Gallegos*). Asemade, durante aquela década dá pasos decisivos na súa carreira. Así, en 1954 doutorouse en Madrid cunha tese que no ano seguinte iría ao prelo baixo o título *Aportaciones a la literatura contemporánea*, ao mesmo tempo que Galaxia publica a versión (previa e máis reducida) en galego desa obra, titulada *Sete poetas galegos*, en que estuda a obra de Rosalía, Pondal, Curros, Noriega Varela, Cabanillas, Amado Carballo e Manuel Antonio.

Pasa a páx. seguinte

o 17 de maio
hai que
celebralo

Porto do Son lembra a
Carvalho Calero.
Vive connosco
o Día das
Letras Galegas!



*Celebrarémolo,
con pandemia
ou sen ela!*



Concello de
**Porto
do Son**

Visítanos na páxina web
para coñecer os actos do día

www.portodoson.gal

17 maio

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Ven de páx. anterior

Carballo conságrase así como o principal estudoso das letras galegas, poñendo os alicerces da que será a súa contribución capital, publicada nas dúas décadas seguintes. Por parte, dentro da estratexia deseñada polo grupo Galaxia para a recuperación da Academia Galega, que viña languidecendo desde a guerra, en 1958 ingresa na RAG co discurso Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía.

A MADUREZA PLENA (1960-1980).
FILÓLOGO DE GALAXIA

Durante os tres lustros que van de 1960 ata 1975, Carballo consagra o groso dos seus esforzos ao seu labor filolóxico, en particular no campo da historia literaria. A inicios do curso 1965-66 a Universidade de Santiago de Compostela —única en Galicia ata 1990— comeza a ofrecer materias de lingua e literatura galegas na Facultade de Filosofía e Letras, que quedan a cargo de don Ricardo. Ao tempo, levantada a inhabilitación que pesaba sobre el desde 1939, aproba as oposicións para o ensino medio e comeza a dar clases no Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, onde tamén foi profesora a súa dona. Sete anos máis tarde, en 1972, convértese no primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega da



DÍA DAS LETRAS DE 1980. Carvalho Calero intervén observado e escoitado por Mariano Dónega, a esquerda, Domingo García-Sabell e Francisco Vales Villamarín, na homenaxe a Alfonso X. Foto: RAG

USC, xa con dedicación exclusiva á universidade.

Nos vinte anos da súa madurez plena publica as súas monografías máis importantes: a Historia da Literatura Galega Contemporánea, da que inicialmente aparece un primeiro volume (1963), dedicado ao século XIX, e finalmente un volume único, que abrangue ata 1936 (1975), e a Gramática elemental del gallego

común (1966). Ambas as obras foron encargadas e editadas por Galaxia, e constituíron manuais de imprescindible manexo polos primeiros estudantes universitarios de filoloxía galega. A Historia da Literatura Galega Contemporánea, traballo monumental que funda un campo de estudos, ofrece un relato sistemático e exhaustivamente documentado da construción da literatura en galego na idade contempo-

ránea, sentando o criterio filolóxico (a literatura galega é a escrita en lingua galega) e establecendo un canon de autores clásicos e unha organización xerárquica do conxunto da produción. É unha obra da súa autoría exclusiva, pero dadas as súas condicións persoais (illamento en Fingoi) e o contexto xeral (penuria de medios, carencia de bibliotecas de referencia), a súa realización só foi posi-

ble grazas á axuda bibliográfica dunha rede de colaboradores, coordinada por Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, que lle conseguían libros e folletos de ardua localización.

Pola súa parte, a Gramática elemental del gallego común, que tivo sete edicións ata 1979, comezou sendo un manual didáctico de contido basicamente gramatical, pero foi arrequeitado nas sucesivas edicións con información bibliográfica, filolóxica e dialectolóxica, ata converterse nunha especie de introdución á lingüística galega. De máis a máis, Carballo convértese en colaborador habitual, como creador, ensaísta e crítico literario da revista Grial desde a súa aparición regular en 1963, de cuxo consello de redacción formou parte ata 1988: asinados co seu nome ou baixo pseudónimo, publica alí dúcias de artigos de tema filolóxico e recensións que dan noticia puntual da evolución das letras e dos estudos galegos naquel tempo. Nesta etapa, Carballo Calero é un dos persoeiros máis significados de Galaxia: é, realmente, o filólogo do que el mesmo denominou “grupo Galaxia”, ben que como escritor se consideraba membro da “xeración do Seminario”. Ademais da súa

Pasa a páx. 8

LETRAS GALEGAS 2020

Carvalho Calero



Envíanos un vídeo coa lectura dun texto de Carvalho Calero ou un debuxo coa túa palabra favorita en galego.
biblioteca@oroso.gal

CONCELLO D
OROSO
coa cultura



Concello de
Corcubión
www.corcubion.gal

Co Día das Letras Galegas



Concello
de **OUTES**
www.outes.es



Co Día das Letras Galegas








Tu aseguradora integral

La mutua de los profesionales universitarios

- Seguros de Vida
- Ahorro e Inversión
- Planes de Pensiones
- Responsabilidad Civil Profesional
- Auto
- Hogar
- Decesos

Pasión por el mutualista

SEGUROS • AHORRO E INVERSIÓN • PENSIONES

Génova, 26. 28004 Madrid · 910 616 790 · informacion@grupopsn.es · psn.es      

17 maio

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Ven de páx. 6

constante colaboración coa revista Grial e da participación en diversos volumes colectivos, a súa contribución no proxecto de Galaxia concrétase en non menos de once títulos da súa autoría vindos a lume entre 1955 e 1979, que inclúen as monografías académicas xa salientadas, varias coleccións de estudos e ensaios, títulos de creación poética e teatral e antoloxías didácticas.

A VIZOSA DÉCADA FINAL (1980-1990). REINTEGRACIONISMO

A súa posición no campo cultural galego comezaría a cambiar na segunda metade da década dos setenta e mudaría notablemente na última década da súa vida. Simplificando, as razóns principais desta mudanza son por unha parte de orde política e, por outra, de orde lingüística. As primeiras relaciónanse co cambio que se produciu á morte do ditador (1975) e, sobre todo, coa instauración do réxime autonómico (1981), que provoca un troco de papeis político-culturais dalgunhas figuras protagonistas do grupo Galaxia, nomeadamente Domingo García-Sabell e Ramón Piñeiro, que pasan a implicarse de cheo na instauración do autogoberno. As razóns de orde lingüística teñen que ver co compromiso cada vez máis estreito de Carballo co nacente mo-

vemento reintegracionista, do cal se converte desde finais da década dos setenta en principal inspirador e figura de referencia. Discrepante co rumbo da política galega e en franco desacordo coa política lingüística da Autonomía, reivindica a súa independencia e manifesta as súas punxentes críticas de xeito tenaz e contundente. É neste período cando comeza a asinar a súa obra como Carvalho Calero.

Nos primeiros anos oitenta comeza a recoller, depurar e reeditar a súa obra. Canto á literaria, compila e revisa a súa poesía en Pretérito imperfecto, 1927-1961 (1980) e Futuro condicional, 1961-1980 (1982), mentres que a obra dramática é reunida en Teatro completo (1982) e a narrativa en A gente da Barreira e outras historias (1982) e Narrativa completa (1984). Ao tempo, arranxa varias colectáneas de traballos soltos e artigos: de tema literario en Estudos rosalianos (1979), Libros e autores galegos (dous volumes, 1979 e 1982) e Letras galegas (1984) —obras que en certo xeito complementan a súa Historia da Literatura e lle dan continuidade, ao atender á produción de posguerra—; de tema lingüístico, en defensa da súa proposta reintegracionista, nos volumes Problemas



ANO 1989. Ricardo Carvalho Calero e a súa dona, María Ignacia Ramos, coa súa filla María Victoria en Palmeira. Foto: Parlamento de Galicia

da lingua galega (Lisboa, 1980) e Da fala e da escrita (1983).

Non obstante, continúa as súas múltiples angueiras de polígrafo e divulgador, publicando de xeito regular na prensa diaria (La Voz de Galicia), pronunciando conferencias —moitas delas posteriormente impresas— e ensaios, ademais de seguir cultivando a poesía (Cantigas de amigo e outros poemas, 1986; Reticências..., 1990) e a narrativa (Scórpico, 1987). Por parte, neses últimos anos da súa vida seguen colleitándose e imprentándose os seus textos, publicanse dous libros de

conversas con el e inzan as homenaxes e os estudos sobre a súa figura: é acollido como membro ordinario pola Academia das Ciéncias de Lisboa (1981), é recoñecido como membro de honra pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e pola Associaçom Galega da Língua, é convidado a participar na fundación do Consello da Cultura Galega —pero rexeita o convite—, recibe a medalla Castelao da Xunta de Galicia (1984), preside o congreso internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo organizado pola USC e o CCG (1985) e varios congresos da AGAL, obtén o premio da crítica por

Scórpico (1987)... A última distinción que recibe é a designación como fillo predilecto do Concello de Ferrol, semanas antes do seu pasamento, acontecido en marzo de 1990.

OBRA LINGÜÍSTICA, CODIFICACIÓN, NORMALIZACIÓN

A defensa e ilustración da lingua galega son móbiles centrais da ideoloxía, da obra e do compromiso público do autor. Cómpre ter en conta que no plano científico, Carballo foi un estudoso da literatura e un filólogo máis do que un gramático ou un lingüista: así, nunca chegou a escribir nestes últimos campos unha monografía comparable á Historia da Literatura. O seu interese pola lingüística foi limitado ata que recibiu o encargo de Galaxia de redactar a Gramática elemental del galego común (1966), manual oportuno e moi útil no seu día. A súa atención á problemática da codificación da lingua agudízase cando a RAG lle encarga a elaboración, con Filgueira Valverde e Ramón Piñeiro, das súas primeiras normas ortográficas (1970) e morfolóxicas (1971). Estas Normas seguen a liña de evolución autónoma do galego culto desde o Rexurdimento.

Non obstante, a súa posición vai mudando de 1975 en diante, cando **Pasa a páx. seguinte**

o 17 de maio

hai que
celebralo

Trazo lembra a
Carvalho Calero.
Víve connosco
o Día das
Letras Galegas!



concello de
TRAZO



17 maio

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Ven de páx. anterior

comeza a defender a reintegración lingüística e ortográfica do galego no portugués. A súa posición reintegracionista acentúase despois do fracaso da proposta codificadora da Comisión de lingüística nomeada pola Xunta pre-autonómica en 1979, que el mesmo presidiu. Cando o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega aproban as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (1982), oficializadas inmediatamente pola Xunta de Galicia, a súa discrepancia convértese en frontal. Na década dos oitenta, envórcase de cheo na polémica normativa, unha controversia aceda con estridentes resonancias políticas e espiñentas connotacións persoais, e, por graza da súa auctoritas, convértese en referente do reintegracionismo. Isto, por unha banda afastouno das institucións oficiais e por outra banda acabou producindo o efecto imprevisto de minusvaloración doutros aspectos centrais do seu labor, nomeadamente os seus estudos literarios e súa produción artística.

ESTUDOS LITERARIOS

Como xa se sinalou previamente, o obxecto de estudo máis importante no currículo de Carballo Calero é, sen dúbida, a literatura galega contemporánea, especialmente os au-



EN SANTIAGO. O ferrolán Carballo Calero na compostelana praza da Quintana. Foto: Parlamento de Galicia

tores do Rexurdimento —Pondal e, por riba de todos, Rosalía— e da Xeración Nós —principalmente Otero Pedrayo e Castelao— e mais os poetas de anteguerra, desde Ramón Cabanillas ata Manuel Antonio. Dos seus coetáneos, os preferidos foron Cunqueiro e Pimentel. Non só estudou diversos aspectos da vida e a obra dos ditos autores e de moitos outros, senón que foi editor dalgúns dos seus textos e mais antólogo e divulgador, a través dunha morea de publicacións, entre ou-

tras entidades, da RAG, do Departamento de Filoloxía Galega e da Editorial Galaxia. Sen dúbida, debe ser considerado o fundador dos estudos literarios galegos.

A OBRA DE CREACIÓN

Na súa obra literaria cultiva os diversos xéneros, con clara preferencia pola poesía. En palabras dunha estudiosa recente, “a súa poesía conecta intimamente coa europea e é testemuño, temática e esteticamente, dun século XX do que Carballo

se recoñece fillo” (Pilar Pallarés). Esta mesma crítica ten salientado que a súa poesía “é desde o inicio a dun racionalista, a dun especulativo [...] os seus textos son construcións cerebrais” que manifestan unha “tendencia descritivista, discursiva e especulativa que se ha de manter como unha constante do autor”.

A súa produción dramática, relativamente ampla, e en parte relacionada coa súa actividade didáctica no Colexio Fingoi, sitúase entre

a tradición galega, estilizando a temática popular, e a conexión co teatro europeo coetáneo (teatro do absurdo), entre o clasicismo e a experimentación, con técnicas do teatro chinés, fórmulas expresionistas e aproximacións á linguaxe cinematográfica.

Na narrativa salienta a súa última e ambiciosa novela, *Scórpio* (1987), na que a partir de elementos autobiográficos ofrece unha evocación dos seus tempos de mocidade universitaria e de miliciano durante a guerra civil. O retrato da súa xeración aparece deseñado a través dunha serie de personaxes —que en boa medida constitúen desdobramentos da personalidade do propio autor— que xiran arredor da misteriosa figura do protagonista, de quen se nos ofrece unha imaxe poliédrica a partir dun mosaico de diferentes testemuños, nun hábil e eficaz manexo da polifonía. O final trágico da maior parte dos personaxes relacionados coa biografía do autor simboliza a derrota da súa xeración galeguista, democrata e republicana, esmagada polo fascismo.

Texto: Henrique Monteagudo, secretario da Real Academia Galega
Texto cedido por la Real Academia Galega.

Concello de Touro

LETRAS GALEGAS 2020

As pitas baixo a choiva

ricardo carvalho calero

Debuxa e pinta "As pitas baixo a choiva"

Mándanos a túa pita ao mail correo@concellodetouro.gal
Tes de prazo ata o luns 18 de maio

Os traballos serán publicados no Facebook do Concello
Todos/as os/as participantes recibirán un agasallo

Concello de Touro

LETRAS GALEGAS 2020
RICARDO CARBALLO CALERO

CELEBRA AS LETRAS GALEGAS CON NÓS!!!
todo na web: www.concellodelousame.gal

PROGRAMA DA XVIII FESTA DO GALEGO DE LOUSAME

Sábado 9 de maio
VIDEOPOEMA DE CARBALLO CALERO
EMANARTE XESTIÓN CULTURAL

Venres 15 de maio
CONCERTO DE MARÍA FALTRI E JORGE JUNCAL
URDIME PROPOSTAS CULTURAIAS

Sábado 16 de maio
VIDEOPOEMAS DE ZERNADAS DE CASTRO
EMANARTE XESTIÓN CULTURAL

Domingo 17 de maio
"ZERNADAS DE CASTRO E A SÚA OBRA"
XULIO PARDO DE NEYRA

Sábado 23 de maio
CONTACONTOS DE ATENEA GARCÍA (XAROPE TULÚ)
URDIME PROPOSTAS CULTURAIAS

Sábado 30 de maio
CONTACONTOS DE PABLÍSIMO
URDIME PROPOSTAS CULTURAIAS

Sábado 6 de xuño
VIDEOPOEMA DE CARBALLO CALERO
EMANARTE XESTIÓN CULTURAL

Sábado 13 de xuño
VIDEOPOEMA DE CARBALLO CALERO
EMANARTE XESTIÓN CULTURAL

LOUSAME

Concello de Lousame

#COMPROMISO COA CULTURA

17 maio

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

HÉITOR PICALLO

ESCRITOR, ILUSTRADOR, INVESTIGADOR...

“O meu lema para hoxe sería: *Lingua de unión e identidade!*”

TEXTO: MARÍA ALMODOVAR

Héitor, preparando a entrevista, dinme de conta de que es un auténtico ‘embaixador’ da cultura galega. Recordas cando ti veces ese primeiro contacto con ela?

Coido que foi con 11 anos, cando cursaba 6º de EXB. Daquela, Xosé Manuel Arca Pichel –alén de ser o noso titor– impartía as materias de galego, castelán e plástica. Para esta última, e dentro das actividades libres que debiamos facer, indicounos que realizásemos algún traballo manual que representase a nosa casa, familia ou contorna. Sen

dubidalo, collín a Singer dos meus pais e cosín unha pequena bandeira galega á que lle puxen de mastro un garabullo espetado nun anaco de madeira. Esa tea presidiu durante todo o curso a mesa do titor polo que me decatei da importancia do símbolo.

Por certo, de onde ven o teu pseudónimo Carrapucho?

Este é o alcume da miña familia materna. Á saída da vila de Cuntis, no Porto de Gómez, existe unha zona chamada a Costa do Carrapucho. Porén, o adeallo non procede dese microtopónimo, senón dunha circunstancia familiar. Hai non menos cinco xeracións na



casa dos meus maiores naceron varios fillos e unha rapariga á que, de xeito agarimoso, lle dicían: –a miña carrapucheiriña, a miña carrapucha! E así nos quedou.

Nalgunha ocasión dixeches que “as siglas non importan na defensa do idioma”. E así debería ser. Pero cres de verdade que se cumpre?

En certo xeito si, pero a nivel institucional non tanto. A sociedade consciente da súa identidade –for dunha determinada tendencia ou doutra– non entra en liortas idiomáticas. Cae na conta de que saber linguas multiplica as nosas posibilidades no contexto internacional, non só dende o punto de vista comunicativo, senón tamén social, cultural e económico. O que acontece é que en moitas ocasións certas persoas empregan o idioma como arma arreboladiza e con total irresponsabilidade.

Cando colaborei co *Galicia Hoxe* era consciente de que había entre nós escritores de dereitas e esquerdas, porén a lingua –a galega, enténdase– non foi nunca motivo de enfrontamento, senón xustamente o nexo de unión. Dende o meu punto de vista, foi un bo intento de normalizar o idioma dende a pluralidade. Ora ben, quen dende atrás emprega

Pasa a páx. seguinte



O libro que estes días me está a nacer, *As letras galegas en caricatura*, conta non só coas imaxes das 60 persoas homenaxeadas, senón que se acompañan das respectivas biografías. No que respecta aos *retratos*, 8 deles foron portada o 17 de maio nos xornais *Galicia Hoxe* e *EL CORREO GALLEGO*.

Prologado e epilogado, respectivamente, polas escritoras Fina Casalderrey (RAG) e Mercedes Queixas (AELG), nesta obra tamén participan unhas 35 persoas máis vinculadas ao ensino, á escrita, ás artes plásticas e ás escénicas. As biografías levan canda si un faldrón didáctico denominado *ars memoriae*, no que se achegan varias claves para interpretar as caricaturas e así coñecer diversas obras ou etapas vitais das persoas homenaxeadas. Concibido a toda cor e en tamaño superior ao A4, o libro é o froito de máis de tres anos de traballo intenso, tanto plástico como investigador. Algunhas imaxes van decoradas con recortes dos xornais *Galicia Hoxe* e ‘*Sermos Galiza*’.

PUBLICACIÓN

O 17 de maio

hai que
celebralo



CONCELLO DE
NEGREIRA



Negreira
lembra a
**Ricardo
Carvalho
Calero**
neste
Día das Letras
Galegas

17 maio DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Ven de páx. anterior
o galego para debilitar e chegar á crispación social non só incita, senón que promove un claro *lingüicídio*. As persoas que acreditan nisto habería que cualificalas de desarraigadas e non gratas.

Creas unhas caricaturas moi significativas, e para iso tes que coñecer moi ben a vida e a obra do autor (neste caso, homenaxeado no Día das Letras Galegas). Tes algún preferido?


Por unha banda, pinto as caricaturas con acuarela e tinta, engádolles recortes de xornal, teas, madeira, cortiza... Porén, previamente, hai que investigar a vida e obra da persoa homenaxeada e resaltar o que, baixo o meu punto de vista, entendo como significativo, na busca dun simbolismo didáctico. En segundo termo, o meu autor preferido foi dende sempre Castelao, pola súa conciencia e responsabilidade co pobo galego. A súa visión poliédrica do mundo –axudada por todas as calidades que contou– serviu, xunto con outras persoas, de correa de transmisión no compromiso político e sociolingüístico que debemos ter co país. Porén, non se ten que reducir isto a un mero concepto totémico: cómpre responsabilizarnos do seu legado. Así e todo gusto doutras figuras que aínda non foron ho-



Francisca Herrera Garrido. 1987



Ánxel Fole. 1997



Manuel María. 2016



María Victoria Moreno. 2018

menaxeadas e que deixaron unha pegada significativa. Estou a pensar en Xela Arias, Luísa Villalta e Begonha Camanho. Cavilemos que o galego, así como non tería que ser unha cuestión de ideoloxía, tampouco o debora ser de xénero.

E a caricatura de Carvalho Calero?

É unha recreación daqueles versos que –recollidos no libro *Cantigas de amigo* e outros poemas– levan o título de Avalon. Por conseguinte, non só vínculo o autor ao contexto lusófono –pois hai grafada unha carabela portuguesa– senón igualmente ao ciclo artúrico: con Lanzarote, Xenebra e a Ilha das Maçás.

O escritor ferrolán é considerado o ideólogo do reintegracionismo. Que opinión tes de que o galego poida ser un dialecto do idioma galego-portugués?

Este é un asunto que cumpriría abordar con cautela. Se ben entendo que o galego debe ser o noso punto de encontro e reconciliación sociais, tampouco vexo mal que o noso berce se arrole no contexto hoxe chamado lusófono. É unha mágoa que boa parte da sociedade descoñeza a produción de Domingas Samy, Noémia de Sousa (*mãe dos poetas moçambicanos*), Eugénio de Andrade, Mía Couto... pero tanto ou máis doloroso é ignorar a Cunqueiro

e a Rosalía, amais de perdermos a sintaxe e o léxico característicos. Debéramos destinar tempo e recursos –por exemplo– en que os indicadores dos lugares vaian na toponimia correcta, que os rótulos dos negocios se grafen no idioma do país, que o alumnado aposte pola nosa lingua e coloque axeitadamente os pronomes desbotando os tempos compostos. Quizais analizar o libro de Fernando Venâncio *Assim nasceu uma língua* nos dea unha visión axeitada: o crisol está aquén do Miño!

Se tiveses que propoñer un lema para o Día das Letras Galegas, que dirías, Héitor?

Lingua de unión e identidade!

Detrás de Carrapucho áchase un home docto en ciencias e letras. Ambas as ramas do saber conflúen na súa mente poliédrica, como a de Castelao. Pausado, educado, humilde..., podería dicirse que é a antítese do radicalismo. Ten o que menos abunda na sociedade de hoxe: sentidiño. A súa última obra, 'As letras galegas en caricatura', nada ten que ver coas biografías do montón. Nótanse o esforzo e as ganas de facelo ben, moi ben.

SENTIDIÑO

o 17 de maio é unha data histórica

Galicia esa terra que tanto nos dá. Personaxes como **Carvalho Calero** fan que nun día como este, e a pesar das dificultades, sintamos un orgullo enorme por ser galegos



Celebrarémolo, con pandemia ou sen ela!

CONCELLO DE **RIOEIRA**



17 maio

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

AGORA que regresa a primavera, a Luz -Pozo Garza- dos poemas escorrega pola memoria para celebrar a Carvalho Calero.

Faría falla un Cunqueiro para florecer a saga dunha historia de poetas galegos. A cultura sería a trama, o nó e o desenlace dunha novela de mulleres e seres que amaron Galicia, entendérona como a terra que vai neles e respectárona coma Nai e Señora. A listaxe de persoaxes e persoeiros admite sutís bardos como Vidal Bolaño, Ramón Cabanillas... Todos faláron e escribiron nunha lingua culta, riquísima na súa semántica, máxica, musical, fermosa, útil.

No ano 1991, o Día das Letras Galegas dedicouse a Don Álvaro Cunqueiro, o home a quen lle gustaba o arrecendo das mazás. Por consello do catedrático Luís Cochón, a publicidade institucional da Xunta difundiu un poema moi apropiado do mindoniense:

"Louvado sexa Deus tamén por terme dado o don da fala nosa, por terme ensinado a dicir 'rula' e 'abidueira' e 'dorna' e 'ponte' e 'fonte', e entón eu, sabendo estas palabras, era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte.

AS MIÑAS INVENCIÓNS e as miñas maxias teñen, nembargante, un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo. Eu quixen que Galicia continuase e, ó lado da patria terrenal, da patria que son a terra e os

Ilha das fadas e das maçás



ALBERTO BARCIELA

XORNALISTA

mortos, haxa esta outra patria que é a fala nosa. Se de min algún día, despois de morto, se quixese facer un eloxio, e eu estivese dando herba na terra nosa, podería dicir a miña lápida: "Aquí xace alguén, que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis".

O galego non é o idioma da diferenza. Pola contra, é o berce que nos acubilla a todos neste longo inverno no que os virus, incluído o da incultura, ameazan tanto como o fan eses seres excluíntes que rexeitan a saúde de saber e aos que pensan distinto.

Os galegos temos a sorte de nacer nun lugar de marabilla e con acceso a dous idiomas, a varias culturas: á española e ao castelán, á galega e á brasileiro-portuguesa. Formamos parte do universo ibérico europeo e mantemos un vínculo de sangue con outras comunidades españolas, Portugal e América: Arxentina, Brasil, Cuba, México, Venezuela,

Uruguai... O noso léxico, a nosa riqueza lingüística, de raíz latina, achéganos á semántica gala. E o noso imaxinario instálase na mítica celta, vincúlanos á Bretaña, a Cornualles, Gales, Escocia, Irlanda e á Illa de Man.

POR TERRA OU POR MAR, coma mareas ameazantes, ata este Finisterrae chegaron os bárbaros: celtas, romanos -Gallaecia-, viquingos - Jacobusland, Terra de Santiago-, suevos, visigodos, árabes, mesmo piratas como o temible Drake. É certo, levaron o ouro e ata as campás, incluída a súa música, desa que o Pai López-Calo chegaría a saber máis que ningún no mundo. Deixaron pegadas dos seus saberes.

COMO POBO ACOLLEDORE DESPRENDIDO, regalamos a musicalidade do noso idioma a través dos nosos trobadores. Máis tarde, achegamos a sabedoría de mulleres precursoras como Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova, María Casares, Maruja Mallo, Nélida Piñón, Marina Mayoral, Rosario Álvarez Blanco, Margarita Ledo, Marilar Aleixandre, M^a Xosé Porteiro. Iso é realismo máxico e é autenticidade. Fixémolo con elas e con homes como Sarmiento, Feijóo, Pondal, Murguía, Castelao, Cuevillas, Fernández Florez, Julio Camba, Curros, Risco, Valle, Otero

Pedrayo, Cunqueiro, Cela, Blancoamor, Torrente, Losada, Del Riego, Novoneyra, Franco Grande, Neira Vilas, Ferrín, Conde, Freixanes, Oroza, Tosar, Villanueva, Villares, Rivas, Alvarellos, e tantos outros. Intelectuais lúcidos, poetas, novelistas, historiadores, editores, xestores culturais, etc., que forman parte esencial dun vello carballo arraigado, en galego ou en castelán, nas letras universais. As raíces máis fondas: Galaxia, Xerais, Alvarellos, Ir Indo, a Fundación Penzol, e a máis nova en intencións internacionais, Mar Maior.

Tamén forman parte desta árbore artistas plásticos -Murguía, Brocos, Lugo, Seoane, Mallo, Souto, Colmeiro, Dans, Laxeiro, Eugenio e Mario Grannel, Grandío, Castillo, Leiro, Sucasas, Pulido, Barreiro, Quintana, Manzano, Penalta, Conde, etc., audiovisuais -coa CRTVG como eixo dinamizador-, musicais, arquitectónicos e doutros ámbitos, con méritos dabondo para figurar na nosa Historia grande.

Somos unha cultura en vangarda. Na miña modesta opinión, debemos optar pola inclusión e pola a suma. Xurdirán neboeirias, pero debemos ter a decidida vontade de seren cada día máis e mellores. Parecemos contraditorios e sómolo. Sabemos tamén que da diverxencia e dos matices nace o enriquecemento dunha cultura viva e libre.

Dende 1963, cada Día das Letras -tamén os que se festexan en datas

postergadas, como ocorre neste aniversario horribilis-, "retornan as floracións antigas" -verso de Luz Pozo Garza-, para traérmolos de forma especial a un autor. Neste ano, o 17 de Maio caerá a 31 de outubro, ironías dos tempos. Conmemoraremos a Don Ricardo Carvalho Calero, historiador de literatura, crítico, filólogo, lingüista e escritor, membro do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista, o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas da Universidade de Santiago de Compostela, numerario da Real Academia Galega e membro de honra da Asociación Galega da Lingua. Ideólogo do reintegracionismo lingüístico e autor dunha extensa obra.

GRAZAS A PERSONALIDADES COMO DON RICARDO, conformamos unha corredeira de confluencias, unha aldea global con intención universal.

Temos tradicións milenarias e unha cultura próxima os prodixios. Subimos as escaleiras paseniño, e por iso desconcertamos aos outros pobos. Somos Nós, una raiola de Luz baixo un Carvalho.

Que os que xa non están conosco fisicamente, incluídos Luz Pozo Garza, Xosé Luís Franco Grande e o Pai López Calo, agarden por nós moitos anos en Avalon, a céltica e mítica "ilha das Fadas e das maçás". Ali iremos algún día os bos e xenerosos, guiados por Simbad, Agardan tamén por nós amigos como Mendinho e Martín Codax. Nese paraíso inmorrente, dise ben alto: 'rula', 'abidueira', 'dorna', 'ponte' e 'fonte'. A Primavera é eterna. Agora sabémolo: a Santa Compañía fala galego.

COLEGIO
ALCA
EDUCACIÓN INFANTIL
PRIMARIA - ESO - BACHARELATO
www.colegioalca.com

"Ven, aprende e crece conosco nun ambiente saudable"

- Educación en valores e responsabilidade
- Actividades complementarias e extraescolares
- Deporte e expresión artística
- Realización de proxectos Erasmus +
- Servizo de madrugadores
- Servizo propio de comedor
- Transporte escolar de Santiago e Ames

Biduído de Arriba, 36
15895 Ames
☎ 981 531 103
alca@colegioalca.com

PERNAS ÁREA COMERCIAL

A túa área de servizos en Pontevea

Supermercado • Produtos da terra • Bazar galego

- FERRETERÍA
- MENAXE
- ROUPA DEPORTIVA

HAINO TODO
NA DE PERNAS!

15 ANIVERSARIO

café bar
casa pernas

PECHAMOS OS MARTES

Estamos de volta!!

Ven desfrutar da nosa terraza

Tamén preparamos
comidas para levar

☎ 981 809 002 • PONTEVEA • TEO
info@danielpernas.com • www.danielpernas.com

Rúa Ignacio Varela, 25 • Pontevea
TEO • ☎ 616 806 614

17 maio

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Tres reflexións para retratar unha vida

A radical, abismática diferenciación entre esquerdas e dereitas, é hoxe un feito obsesionante, -dramática, imposible de escamotear. E por imperativo vital hai que tomar posicións n-un ou n-outro bando. Non facelo, é descoñecer a realidade e adormentarse n-unha postura astral. Mais vivimos na terra, e pra avanzar cara o ideal é mester chapotear na lama. O idealismo ten de ser unha forza activa, se non quere resignarse a zugar nos peitos esteris do nirvana. Pois o Partido Galeguista non pode dubitar: téñese que situar da banda da esquerda. Ningunha esperanza pode nos vir da dereita. Na dereita tiveron os seus tobos os lobos caciquís, e o militarismo, o clericalismo e o centralismo son baixos ideás sempre estranamente próisimos.

A Nosa Terra, nº 323
(10 febreiro de 1934)

Non houbera podido ser Cabanillas o poeta que foi se non houbera sido o home que chegou a ser. A súa alma estaba feita da suprema sabiduría. Esa sabiduría que os anos dan a algúns espíritos escolleitos, esa sabiduría tecida de desenganos aturados docemente, de renuncias aceptadas sin amarguexo, de serenidade profesada sin afectación. Caba-

nillas puido ser un grande poeta porque foi un home sinxelo.
Libros e autores galegos.
Século XX (1982)

Como para Curros o idioma universal sería o galego, diríamos que para Otero a nación universal

sería Galicia. Galicia era para Otero o universo familiar, e a xeito dun breviario de totalidade cósmica. A súa visión do corpo físico e da alma creadora de Galicia está constantemente impregnada de corporativismo.

Para Otero, por calquer lado que se mire, Galicia foi universal cando foi enxebremente galega. O galeguismo de Otero era un reinte-gracionismo en Europa. Calesquera que foran os acenos polémicos que no autor

se detecten verbo do centralismo castelán, o creador do Adrián Solovio que escribiu Nosa Señora das Laverças, foi capaz de admirábel comprensión mesmo para a paisaxe e a historia de Castela.
Grial nº 56 (1977)



CONCELLO DE BOIRO

Letras Galegas 2020

RICARDO CARVALHO CALERO

Programación 17 de maio | Nas Redes Sociais

12.00h - contacontos a cargo de Teatro do Improvisto "A vaca Paca"

16.30h - lectura de poemas de Carvalho Calero e presentación dos libros "Foula e Ronsel" de Aurora Marco e "Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso" de Héctor Cajaraville a cargo de Barbantia

19.00h - presentación "Cultura na Rede"

Participación dos centros educativos con contidos durante toda a xornada.

Cultura na Rede

Campaña de promoción de persoas da cultura de Boiro nas redes.

f youtuwe @ConcelloBoiro | www.boiro.gal

CONCELLO DE BOIRO

17 maio DÍA DAS LETRAS GALEGAS

JAÉN Prisión militar, 28 de diciembre de 1939.

Sr. Don Francisco Fernández del Riego. Vigo. Mí querido amigo: Unos días después de haberla escrito, recibí tu carta. Como por muchas vueltas que le dí no encontré rastro de tu dirección y desconozco la popularidad que tengas en Vigo, resolví resignarme a guardarla una vez leída, no decidiéndome a contestarla sin poseer tus señas concretas, ante el temor de que mi respuesta no llegara a tus manos. Ahora una carta de Maruja Abad, dándome tus coordenadas, me permite dirigirte estas líneas.

Me alegro de saber de ti y aún mejor de lo que sospechaba, y en reanudar mis relaciones contigo experimento la natural satisfacción. Aquí, de cuando en cuando, me entretengo en tejer proyectos de reconstrucción de mi vida, para el caso de que ésta exceda a mi actual aislamiento en longitud temporal. Aunque no sé cuántos ni cuáles caminos encontraría abiertos, como el imaginar cantidad en el aire y el poblarlas de imponderables guarniciones de decenas de materia todavía no convertida a restricción legal, doy mi pensamiento, a veces, espoliado por la pretensión de acudir de algún modo a resolver el problema económico planteado en mi familia, a trazar planes de vida, mejor dicho, planes de obtención de recursos ya que otra cualquiera aspiración vital queda subordinada a la primaria de favorecer económicamente a la familia que he creado. Entre mis imaginaciones figura la de que tú y yo nos asociáramos como abogados y nos lanzáramos valerosa y laboriosamente a las empresas de fundar y acreditar un bufete que fuera instrumento de emancipación

Carta de Ricardo Carballo Calero a Francisco Fernández del Riego



MANUEL VIDAL VILLAVERDE

XORNALISTA, POETA E ENSAÍSTA

económica y bienestar material para las personas que nos rodearan, pues he llegado a la convicción de que para vivir con alguna decencia y poder procurar alguna comodidad a lo de uno, es indispensable allegar dinero. Bien está que yo me muera de hambre haciendo hermosos endecasílabos, pero mis hijos no deben seguir análoga suerte y yo debo hacer todo lo posible por hacerles la vida fácil ya que tuve la debilidad de crearlos sin consultarles sobre la disposición de su actitud respecto a permanecer en la nada o incorporarse a la vida. Te hablo, pues, de esto, para que me digas qué opinas, ya que deduzco de tu carta que no has trazado definitivamente tu camino. Tengo la impresión de que el negocio sería bueno y en un plazo corto lograríamos un prestigio sólido, fecundo de ganan-

cias seguras. Creo que sólo sería preciso entusiasmo y audacia. Pasa revista a los abogados que te rodean y confíesame que te crees capaz de superarlos a todos. En cuanto a mi, el pensamiento de que trabajar para mi mujer y mis hijos me obligaría a hacer milagros. Sólo me sería preciso contar contigo, mi colaborador fraternal, a quien conozco bien y cuya capacidad conozco. Imagino un hermoso bufete con unas lindas doncellas para abrir a los clientes y una discreta mecanógrafa escribiendo a tu dictado. De los informes nada hay que decir. Por la noche, al volver del teatro, entre el humo del café cargado y el cigarro aromático, estudiaríamos juntos las causas, consultando las mejores obras, haciendo un concienzudo esqueleto jurídico que en el foro al que conviniésemos en cada caso haría tener por vivir y subsistir en un sólido y elegante alegato. No necesito dar más pinceladas en este cuadro. Tú lo examinarás y me dirás que te parece.

No obstante estos juiciosos propósitos continuarán haciendo versos en abundancia y tengo ya para dos nuevos libros. Espero que algún día los conocerás.



Mi mujer vive en Ferrol trabajando en su carrera y gracias a su trabajo comemos nuestra hija y yo. Uno de los encantos que para mi tiene el proyecto referido es el sacarla de la esclavitud del trabajo en que, ya madre, vive.

Supongo que tú permaneces soltero, pero me agradaría que me dijese si en tu vida no ocupa ningún lugar alguna mujer.

Recibiré con gran placer tus noticias y tus cartas. Muchos abrazos. R. Carballo Calero

“Francisco Fernández del Riego: Vigo dende o corazón de Galicia” (2013), edición de María Dolores Cabrera Iglesias e María Dolores Villanueva Gesteira: “1939. Rematada a guerra chega Del Riego definitivamente a Vigo para traballar como pasante no bufete de Valentín Paz Andrade, e asina artigos na revista Industrias Pesqueras, e mesmo dá aulas nos colexios Mezquita e Labor. Agocha o seu segundo apelido. En 1940 casa con Evelina, na Rúa, Valdeorras, e refunda cautelosamente o Partido Galeguista, con Enrique Peinador e Gómez Román. No ano 1947 é detido con Dario Álvarez Blázquez e outros persoeiros alegando a pertenza á Unión de Intelectuales Libres. Reunidos os ditadores do consello de guerra, acordan sobreeser o proceso. Coido que estas notas dan un chisco de luz á carta que veñen vostedes de ler. O meu agradecemento aos membros da Biblioteca Francisco Fernández del Riego por me facilitar a carta orixinal.

ENGÁDEGA BIBLIOGRÁFICA

17 de maio

Día das Letras Galegas

CAIXA RURAL GALEGA

“Ceo gris, desmaiados horizontes.
Arbres despidas.
Vizoso verde o lameiro.”
Carvalho Calero

Nada máis galego, nada máis noso...

Herbón, 148 • Padrón www.pementoscarmucha.com @pementoscarmucha pementoscarmucha.com



Concello de **Cartelle**
www.cartelle.es



Concello de **Pantón**
www.concellodepanton.es



Concello de **Chantada**
www.concellodechantada.org



Concello de **Castroverde**
www.concellocastroverde.gal



*Sempre co Día das
Letras Galegas*



*Ricardo
Carvalho Calero*



Concello de **Mazaricos**
www.mazaricos.gal



Concello de **Vimianzo**
www.vimianzo.gal



Concello de **A Laracha**
www.alaracha.gal



Concello de **Cee**
www.cee.gal



17 maio

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

MARÍA VICTORIA CARBALLO-CALERO RAMOS

CATEDRÁTICA DE HISTORIA DA ARTE CONTEMPORÁNEA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

“A Carvalho-Calero hai que procurar lelo en toda a variedade da súa obra”

TEXTO: CARMEN CES

Tivo algunha vez a sensación e ue o seu pai foi un maldito, de que estivo demonizado polo galeguismo institucional?

Nesta pregunta, como noutras, eu vou ser estritamente fiel ao que el declarou e explicou en vida, en varios libros de conversas: el definiuse como “excomulgado” polo establishment, tanto político como cultural, nomeadamente –mais non só– polas súas posicións lingüísticas. Sempre foi leal ás ideas e aos principios do Partido Galeguista de antes da guerra e ironizaba sobre os “galeguistas de nome e de nómina” dos tempos modernos... “Maldito” foi, coma tantos máis, para o franquismo, claro.

Que supón para vostede que por fin se recoñeza a figura de Carvalho Calero coa homenaxe no Día das Letras?

Eu adoito repetir que na familia sempre soubemos do valor e da transcendencia da súa obra. Que a Real Academia Galega, despois de tantos anos, o recoñeza agora con esta distinción do Día das Letras Galegas supón unha posta ao día da súa persoa e obra e está a facilitar que moitos aspectos de ambas se coñezan e difundan.

Cal é o futuro da lingua galega: a vía normativa, o reintegracionismo, unha fórmula mixta...?

Eu non son filóloga nin lingüista. Como usuaria do galego, desexo que se admitan todas as formas escritas que hoxe posúe o galego e que poidamos ler todos os autores da literatura galega tal e como eles e elas se expresaron.

Sentiuse seu pai recoñecido en vida, ou estaba a gusto sendo un outsider da cultura oficial?

El endexamais se sentiu un outsider de nada. Moi polo contrario, leal á ortodoxia do nacionalismo galego de preguerra (Castelao, Otero Pedraio...) e, por isto, contrario dos que escolleron o camiño de liquidación da mesma. Sentiuse plenamente recoñecido e admirado por múltiples asociacións e entidades de toda a Galiza, que sempre puideron contar con



María Victoria cos seus pais. Foto: Arquivo familiar

el para todo tipo de actos de exaltación da lingua, da literatura e da cultura galegas.

Esperar contra toda esperanza podería ser o lema que resume o traballo de don Ricardo a prol da lingua e da cultura de Galicia. Hai esperanza no camiño que aínda queda por percorrer? Vivirá o galego mil primaveras máis?

Si, esperar contra toda esperanza é unha frase lapidaria de meu pai, que ten sido moi citada. Tamén reiterou que cumpría rectificar a historia e que a historia merecía ser rectificada. Así mesmo, dixo que as mil primaveras para a lingua desexadas por Cunqueiro habían ser diferentes ás vividas polo escritor de Mondoñedo: habían ser unhas primaveras, afirmou, onde Cunqueiro puidese ser aínda máis Cunqueiro, isto é, desenvolver toda a súa obra en galego, e, por suposto, que o galego fose a lingua normal dos galegos.

Cal é o Carvalho Calero que

máis apreza vostede: o ensaísta, o novelista, o poeta?

Eu penso que hai que procurar lelo en toda a variedade da súa obra, a estritamente literaria e toda a que realizou como historiador da literatura. Escollería, quizabes, Scórpio, e, por suposto, a súa Historia da Literatura Galega Contemporánea.

Como viviu a súa familia a represión franquista contra o seu pai, que pagou co cárcere a súa participación na creación do Partido Galeguista, a súa contribución ao anteproxecto do Estatuto de Autonomía do 36 e a súa fidelidade á República?

Nós sempre procuramos adaptar a vida ás circunstancias negativas e continuar a traballar e a formarnos, algo que el sempre nos inculcou. Axudou moito tamén a fortaleza de miña nai, e as tres colaboramos en todo o que puidemos a que el realizase a súa obra, tan abruptamente interrompida pola guerra civil e a posguerra e que reemprende coa

mesma paixón de sempre por Galiza e a súa cultura.

Como era don Ricardo en familia, que o facía feliz?

Non era moi dado a exteriorizar os seus sentimentos, agás en circunstancias extremas, o cal non significa que

fose unha persoa fría ou insensíbel: era só unha cuestión de carácter e, tamén, de educación do seu tempo, e, por suposto, de todo o que lle tocou pasar na vida. Sei que, nos últimos tempos da mesma, foi feliz retomando o contacto co público de toda a Galiza, a través de tantas conferencias e actos en que participou e interveu.

Naceu en Ferrol. Catedrática de Historia da Arte Contemporánea na universidade de Vigo. Membro de número da Real Academia Galega de Belas Artes. É académica correspondente das Reais Academias de Bellas Artes de San Fernando (Madrid) e Santa Isabel de Hungría (Sevilla).

Estudos: doutora en Filosofía e Letras (sección Historia). Cargos anteriores: decana da Facultade de Humanidades (Vigo), vogal do Comité Español de Historia da arte e do Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Publicacións: coordinadora do libro “Arte de fin de século” (2000) e autora de “Julia Minguillón” (1981), “A ilustración na revista Nós” (1983), “Antonio Failde” (1986), “Vos Castelaos de Ourense” (1985 e 1989), “O Santuario da nosa Señora das Ermidas” (en colaboración) e “A arquitectura dunha cidade” (en colaboración). Distincións: Premio Galicia Investigación 2010. Membro do Padroado do CGAC.

TRAXECTORIA